



## ARQUIVO RECUPERACIÓN DE FOTOS

Nese intento que nos move de recuperar e transmitir a cultura tradicional da nosa vila mariñeira, e de recuperar as súas imaxes, costumes, artes de pesca, embarcacións; as vivencias das xentes do mar, a asociación "Os Galos" abre unha sección de recollida de fotos, con carácter permanente.

Retratos de mariñeiros e mulleres mariñeiras, de embarcacións tradicionais, dos aparellos de pesca. Tamén se admite a foto dixital.

As fotos enviadas poderán ser incluídas na exposición fotográfica da propia asociación, e algunhas serán publicadas en próximos números desta revista.

Como facérmola chegar?

Nun sobre pechado dirixido ó equipo de redacción da revista "Os Galos".

No interior deberá indicarse:

- Nome do propietario da foto.
- Teléfono de contacto ou correo electrónico.
- Título.
- Nome da embarcación.
- Data de realización.
- Nome do autor da foto (se é posible)
- Nome dos fotografiados (se é posible).
- Outros datos que considere de interese.

Mentres a Asociación non teña un local social, as fotos poderanse entregar:

-En man ós responsables desta sección: Carmen García, Ana Gil, Victor Domínguez.

-Na oficina da O.M.I.X.: Pazos Fontenla 29 - 2º Bueu.

-Na cervexería-pizzería "O FAROL" Montero Ríos 207 Bueu.

Queremos animarvos dende aquí a que nos fagades chegar esas fotos antigas, as da dorna, o polbeiro, a gamela, a traiña..., iesa estampa mariñeira que gardades na vosa casa!

Tamén buscamos imaxes das nosas embarcacións actuais, e de outras semellantes.

Queremos recuperalas para todos. Necesitamos da vosa axuda.

